

NOVELA

Literatura conceptual en conserva

JOSÉ MIGUEL A. GIRÁLDEZ

O escritor Leonel Moura (Lisboa, 1948) non é soamente escritor, senón artista conceptual de longa e brillante carreira. Parece que o seu é a robótica e a intelixencia artificial. Pero aquí temos entre as mans un curioso libro, o primeiro que publica este autor en Galicia, que, a recado, vainos a descubrir todo un mundo literario en torno ao universo das vangardas do século XX. E é que as vangardas dan para moito. Eu mesmo, teño que confesalo, estiven en ocasións preocupado polo verdadeiro contido das latas de Piero Manzoni, creadas en 1961. Manzoni anunciaba na conserva, mediante unha etiqueta, 'Merda d'artista' e nese nome, nese concepto, e, por suposto, na imaxinación de cada observador, estaba o valor da obra artística radical. A obra de Moura é moi breve, pero completamente subversiva. Facía tempo que un non lía algo así. E comprendo, desde logo, que a el tamén lle interesara o verdadeiro contido das latas de Manzoni. Como ao seu personaxe, Gianfranco Vogué, que necesitaba abrir unha delas para comprobar se a obra era real ou tan só metafórica (ou simbólica). Estamos ante auténtica subversión en lata. Por suposto, o libro profunda, directa ou indirectamente, no movemento Dadá (non sei se o século XXI vai traer arte revolucionaria... teñamos paciencia). A sensación que un ten despois de ler esta obra, pequena *pero matona*, é que a arte pode ser calquera cousa, se estamos dispostos a admitilo. E que máis vale provocar que dar trigo. Un termina, con todo, cargado de ironías e de frases categóricas ("a perda de tempo que é ou turismo", "os museos estragan sempre todo", "Duchamp era un bromista", etc). A obra non lles vai a resultar indiferente. Como as vellas latas de Manzoni.

30 Gramos,

Leonel Moura,

Trad. de Ramón Nicolás, Alvarellos Editora, 2010,

98 págs. 11 €

